

Pregón das festas de Vilalba, 1998

Boa tarde e felices festas, meus amigos e veciños de Vilalba. É para min unha grande honra, como nativo desta vila, case desta mesma rúa, vir pregoar o San Ramón vilalbés... Pero é tamén unha grande responsabilidade porque o San Ramón e Vilalba son dous elementos vitais de tal relevancia e forza que precisan especial pregón, e non sei se estas liñas escritas á presa e á tola darán estado á altura das circunstancias.

Botei moito tempo matinando en como escribir este pregón, e ó fin aló a comezos deste mes dino feito. E tíveno por válido ata onte mesmo. Pero esta noite racheino porque coidei que debía ser honrado con todos vós e comigo mesmo, e contarvos a experiencia - vivida ou soñada -, que alterou tódalas miñas previsións; que me marcou coma cun ferro roxente. E aínda arriscándome a que me tomásedes por tolo, describina dun tirón para sometela á vosa consideración; ó voso bo xuicio...

"Bo"xuicio... "Bo"... Eu sabía que esta terra tivera un Señor feudal que lle chamaban "o Bo", e quizais eso fose un punto de partida... pero é mellor non adiantar acontecementos.

Teño que explicar primeiro que esta é a terra dos meus soños, a vila na que aprendín a vivir... Os soños naceron e medraron arredor do castelo, por estas mesmas terras e edificios, que aquí antes estaba o cine Parroquial e dependencias da Acción Católica, onde tantas cousas se artellaron e nelas participei. E a miña vida ía da Porta de Cima á Academia, de Tra-lo Puxigo, ou sexa aquí, á Escola de Dona Amelia, castelo onde tres damas - Amelia, Carmen e Felicia - acolleron e formaron centos de damas e cabaleiros para a Vilalba de hoxe en día.

Na miña vida vilalbesa, eu era un rapaz soñador, con miles de soños que quizais por ver cumpridos algúns deles se foron substituíndo por sono... E, co paso dos anos, o meu durmir foise facendo curto pero profundo, intenso. E soño e desvarío. E cando desperto, preciso un tempo de acomodación para saber se o soño foi ficción ou realidade; se o que lembra a miña memoria foi algo vivido ou soñado; sexa calquera sucedido propio da vida cotián, sexa unha historia que non puido ser,

como dicía don Anxel Fole, unha "historia que ninguén cre".

E hai veces que os soños son tan vivos, que me leva tempo acordar. E que a dúbida da realidade ou sono dura certo tempo. Nunca tanto coma hoxe que, case un día despois, aínda sigo coa dúbida.

Ocorreume onte. Insatisfeito do Pregón que vos ía ler, quixen vir a Vilalba, para sobre o terreo recoller impresións e plasmalas no papel. Para ver de apreciar aspectos vilalbeses que puidese ter esquecidos por tantos anos de ausencia. E achegueime ó "soberbio castelo secular", como lle chamou Carmiña para asomarme con asombro ó vo de pedra das súas almeas que deixan ver Vilalba tendida ós seus pes.

Subín por empinadas escaleiras, alumeado por fachós chantados nas paredes. E - desde aquí non sei se foi sono ou realidade - o Sr. dos Andrade recibíume no alto da torre flanqueado pola súa garda persoal... E eu, alí, pobre vilego que tenta pescudar nas razóns porque este pobo celebra con tal fruición a un santo que naceu de miragre...

É un home alto, forte, autoritario, que - como se agardase a miña chegada, comeza a extenderse en explicacións - e me amosa as súas posesións como se eu fose un visitante distinguido...

Velaquí os meus dominios, benquerido amigo... De Alba a Carballido, de San Simón a Noche, de Lanzós á Torre, de Vilapedre a Mourence... Esta é Vilalba, a miña Vila, a que desde hai agora 25 anos disfruto por favor do meu señor Enrique II, meu compañeiro, que Deus teña na súa gloria... Miña, coas súas xentes e terras, coa choiva e o sol, cos ríos e co vento. Ata as choias que voan e se acollen á protección deste castelo. Foi o ano do señor de 1373 cando o Rei mandou escribir: "Por conocer quanta lealtad en vos fallamos de fianza que vos fecimos, por quanto ovistes et aveis afan tomado por nuestro servicio". Acórdome de cada palabra. E bendigo o día en que meu pai-véndome ir con el -me aconsellou: "Se bo, que bo compañeiro levas"...

Xa sei, señor - dixen eu - que foi don Enrique o das Mercedes, o



que vos deu este Señorío en 1373 (como antes os de Ferrol e Pontedeume) por axudarlle a guerrear e derrotar a seu irmán o Rei Pedro I o Cruel. E hai voces, señor, que din que deste xeito se pagaba un acto que pasou á historia como feito por un francés - Bertrán Duguesclín- pero do que vos levades a culpa... "No quito ni pongo rey, pero ayudo a mi señor".

Moito sabedes, amigo descoñecido. Pero se esas cousas se dín, non se dín na miña presenza. Nin se dirán por moito tempo. Sodes valente. Pero seguides. Eu estou por riba de calquer cousa que de min se diga.

Vede, señor, como siguen preocupando estas cousas... Nos meus tempos, un ribadense, Daniel Cortezón, escribiu unha obra teatral "Crónica del Rey don Pedro" na que dí que fóstedes vós -o galego Andrade- quen quitou e puxo rei ó axudar ó seu señor.

Nas guerras coma no amor, amigo descoñecido, todo vale. ¿Non era unha guerra?.Era a loita entre a xusticia e a inxusticia. Don Pedro I de Castela chegou a ser un monstro de crueldade que só buscaba o seu ben.

Hai quen dixo despois, Señor, que foi monarca xusto, popular, reformador e lexítimo... mesmo el foi o que primeiro vos deu esta vila.

Non lle gustou a mención a Don Pedro... E seguiu a falar: Enrique de Trastámara alzouse xustamente contra a inxusticia, que nunca pode ser lexítima, contra o intento de acabar coa nobleza, contra as mortes de don Fadrique, do infante don Xoan, de Leonor de Guzmán... Era a noite de 22 de marzo de 1369, en Montiel, no campamento de Enrique que asedia ó Rei. Dáselle ó Rei Pedro a posibilidade de que fuxa... Entra Enrique e loitan; e morre don Pedro. Duguesclín volteou ó Rei. Hai quen dí que fun eu quen o fixo...¿ Que máis da un ou outro?. El levou o mérito de gaña-la batalla de Montiel e chegou a Condestable de Francia... Aínda agora, 18 anos despois da súa morte, ás veces acórdome daquel guerreiro tan especial.

Desperto envexas... E todo, porque catro anos despois daquel feito o rei Enrique me concedeu un dereito inusual de acuñar moeda e de

colocar as miñas armas, as do fillo de Ruy Freire de Andrade e Ines Gonzalez de Sotomayor, en de par das do Rei... Cousas, ó fin, nada máis.. Certo que antes Don Pedro xa me dera esta vila... Pero tamén é certo que antes ca min tivérona outros. E outros moitos se beneficiaron das supostas "mercedes" de Enrique... Alí están, ó lonxe, as Pontes de García Rodríguez, que así se chaman porque o mesmo rei Enrique, o meu amigo, agasallou con elas a Don Garcia.

En tempos, señor, alá, nas Pontes - dixen eu - haberá torres feitas polos homes, máis grandes que as de ningún señor feudal, que traerán riqueza... tamen incomodidades, pero riqueza para toda a comarca... mesmo haberá xente de Vilalba que vaia aló a traballar.

Mentras tanto, O Sr. de Andrade sinala un punto á esquerda, o máis extremo do recinto amurallado, e non sei que me explica, porque eu quedo magoado pensando que aquel remate da muralla será precisamente, no meu tempo, o último reducto que lle quedará á poderosa cerca.

E case sen querelo, óiome dicir: Esta fortaleza, Sr., que domina ós ventos, andando o tempo, caerá ó chan pola forza das xentes irmandiñas vilalbesas descontentas de señores menos bos que vós, que serán os vosos descendentes... As pedras chamadas á eternidade caerán ó chan pola rabia contida de xentes maltratadas...

Foime patente a súa tristura ó respostar: Mágoa non ter tido fillos nin con Dona Sandra Rodríguez nin con Dona Constanza de Moscoso... Herdarame meu sobriño Pedro Fernandez de Andrade, fillo de meu irmán Xoan... Se eu tivese fillos... pero xa é tarde.

Non será contra el, señor, senón contra o seu fillo, Don Nuño... A primeira das revoltas aínda tardará tempo. Faltan uns trinta anos para que os vilalbeses se ergan contra Nuño Freire de Andrade, o Mao, III Señor de Vilalba, por "ser moi duro e non podelo comportar"... E caerá esta torre. Erguerana de novo e volverá caer despois, cando veña Alonso de Lanzós...

Pero a familia dos Lanzós é noble.



Si, meu señor, pero haberá nobles que se poñan de parte do pobo contra os nobles que non souberon ser nobles... Hasta os reis, ó comezo, verán con bos ollos que nazan irmandades que poñan freo ós poderes do nobles. Hanse chamar "Irmandiños". Porque se considerán todos irmáns fronte á tiranía dos seus señores.

Non pode ser, non pode ser... Se levantar este castelo costoulle a Rodrigo Sánchez tantos traballos, tiralo non pode ser doado.

Os irmandiños furarán nos muros arrincando pedras vitais, soste-rán con postes de madeira a estrutura para que se manteña en pé... Logo, poñerán lume ós madeiros para que á feito todo se derrumbe e do que era un airoso castelo quedará só un montón de pedras.

De abaixo, do grande patio do Castelo sube un aire de festa... Centos de xentes cantan e bailan, ledos... E para cambiar de conversa, pregunto... ¿Que ocorre, Señor, para tanta festa?

E que hoxe, amigo, é o día do noso santo patrono... Benvido ás festas de San Ramón do ano do señor de 1398... Pero eu non sei, forasteiro, que ves facer aquí, na festa do santo patrón, a inqueda-me coas túas prediccións... Podes ser un mago, pero os meus magos non se atreven a tanto. Non se atreven a pronosticarme malas novas porque temen pola súa vida... ¿Como é que eres tan destemido?...

Porque, Señor, no meu tempo ninguén debe temer a dici-la verdade... E isto pasará, e todos pasaremos, pero as pedras e a historia serán testigos de todo. Chegará un día, señor, en que para subir a esta torre octogonal e dominar Vilalba coa vista, non haxa que chamarse Andrade nin agardar Señorío real. E será un destacado vilalbés da política e da cultura o que no terceiro cuarto do século XX se encargue de volvela á vida. E haberá outras torres da cultura, da Industria, da Democracia, do Ensino, que dominarán Vilalba.

De modo que os meus castelos de Andrade, Narahío, Vilalba... cairán ó chan, e de min non haberá memoria.

Sí que a haberá, Señor... Vós pasaredes á historia co sobrenome de O Bo, e Vilalba saberá sempre que tivo un Señor, o primeiro, que soubo gobernar con xusticia, que fixo a Ponte de Pontedeume, a do Porco, os castelos de Moeche, Narahío e Andrade... e sobre todo, Señor, os namorados da arte daranvos gracias por sempre polas igrexas de Betanzos... e o voso sepulcro de granito de Parga será un dos mellores monumentos funerarios que tivo ningún mortal. Saberase das vosas doacións ó mosteiro de Monfero... Por certo, Señor: ¡que detalle ese de facer traducir ó galego a Crónica Troyana para a vosa lectura persoal!...

Por veces, o Señor de Andrade, parecía non escoitarme... Por outras, está atento. Sempre caviloso. Como se non soubese ben de que lado lle viña a miña voz, como se non rematase de crer na miña presenza. O mesmo que a min me pasaba con el. Como vou crer, un home do século XX, entrando xa no XXI, que poido falar no alto da torre do meu pobo, co Señor feudal de hai 600 anos, precisamente o día de San Ramón de 1398.

Debín dicir en alto estas últimas palabras, porque o Andrade achegouse a min, palpoume a roupa, ollou o reloxo, tocoume nas gafas, reparou na alianza, e logo quedou pensativo... e preguntou: ¿ E que pasará co xabarán que mandei colocar, para representarme, na parte máis visible desta torre...

O xabarán de Fernán Pérez de Andrade o Bo seguirá a presidir a torre, a nova torre, polos séculos. Porque esta forteza volverá erguerse máis forte e máis airosa... E unha nova torre da homenaxe provocará ós ceos e ós ventos. Será un Andrade futuro - Diego de Andrade, VII Señor de Vilalba, Conde de Vilalba - o que a erga. Pero volverá esmorecer cando os señoríos esmorezan e só as choias serán as señoras do Castelo... Para renacer moito despois, nos meus tempos, ó dispor de todos. A vida, señor, evos así... e os imperios desta terra son efímeros.

Calamos os dous... Logo dun anaco, vendo o rebumbio de abaixo comentei: Meu señor, hoxe para min, é a antevíspera do san Ramón pero



de 1998... e entón tiven de novo a impresión de que non me escoitaba ou non quería escoitarme... pero seguía a falar.

Vexa, meu amigo forasteiro, vexa que ledicia reina hoxe entre os vilalbeses... Seguen a entrar na fortaleza pola porta de Cima. Todo o pobo se xunta aquí, para celebrar solemnes festas na honra dese famoso santo non nato que morreu en Cardona, na Cataluña, o ano do señor de 1240.

Eu non sabía, meu señor, que as festas fosen tan antigas nesta terra de Vilalba...

A esto, sí respostou o Bo para indicarme que fora tan milagroso o feito da vida de san Ramón, que se adoitara elixilo como patrono para, no remate do verán, dar ledicia ás xentes dependentes do señorío vilalbés... E estendeuse o señor de Andrade en consideracións sobre o miragre que supoñía que ó neno Ramón o estraesen do ventre de súa nai difunta desde facía varios días; que fose o propio Vizconde de Cardona, Guillem Folch, coa súa daga o que o sacase ó exterior, e que desde entón fose considerado patrón dos que axudaban a traer nenos ó mundo...

Contaba e non paraba o Sr. da torre de como o neno Ramón coidaba do gando da súa familia, e como cando se adicaba a rezar, un anxo do Ceo viña coidarlle do rabaño.

Sabía que Ramón fora da orde da Mercede de Pedro Nolasco, que fora á Africa redimir cativos, chegando a quedar preso no lugar deles como refén para liberar a un cristiano apresado polos árabes.

Se sería valente aquel santo frade -afirmaba o Sr. de Vilalba- que azoutado, desolado, seguía a falar de Cristo ate que lle aferrollaron os beizos cun ferro pechado cun candado que só abrían para lle dar de comer... E aínda así seguía proclamando a súa fe.

A Vila branca adoptouno como mestre moral, como patrono, polo seu exemplo, pola súa vida...

Eu pensaba, Señor, que ó chamarse en tempos esta Vila Santa María de Montenegro, sería a Santísima Virxe a patrona e obxecto dos vosos festexos...

Tamén, amigo, tamén... Pero é que temos dous patrós: San Ramón e Santa María. San Ramón, pola súa vida exemplar, polo seu exemplo para todos como crente e home de fe... e Santa María, nai de Deus, porque é o máis natural do mundo que así sexa... Olle no meu escudo a lenda: AVE MARIA GRATIA PLENA... E xuntamos os dous patronazgos porque coidamos que, dese xeito, facemos mellor expresión da nosa fe.

Ségueme asombrando, señor, a festa na honra de san Ramón. No meu tempo coidamos - os non debidamente informados, quizais - que as comunicacións neste final do século XIV non eran como para estar ó tanto en Galicia dun home santo catalán por moitas marabillas que fixese...

Amigo, desde xa hai moito tempo, non estamos aillados do resto do mundo a pesar de ser este un Finisterre... Non é aínda ben de noite como para que poida ensinarlle o regueiro de estrelas que vai ata a tumba do apóstolo, pero por terra hai un gran camiño polo que veñen milleiros de peregrinos... E por el, van chegando as novas de todo o mundo, porque todo o mundo ven ate aquí peregrinando a Compostela... E ata ós meus dominios de Pontedeume e do Ferrol veñen por mar peregrinos das Illas do Norte, que tamén nos falan das súas lonxanas terras... E mesmo por aquí ven un camiño que cruzando os meus dominios vai na percura da tumba de Santiago.

Non é extraño, pois, que souberamos hai ben tempo do Cardenal Ramón Nonnato, o que lle regalou o Capelo cardealicio a un pobre de pedir que non tiña con que se abrigar; o que, pouco antes da súa morte, recibiu a visita dunha comitiva celestial que lle levou a Extremaunción; o que, cando morreu, e como nobles e frades se disputasen o seu corpo, puxérono sobre unha mula cega, e esta camiñou ata chegar á ermida na que Ramón rezaba de pequeno, e alí se edificou o seu santuario.



Vai un pouco de frío... A festa abaixo esmorece. Apáganse fachós, e as xentes volven sair pola Porta de Cima. E outros sons substitúen ós festeiros. Agora soan trompas lonxanas, por San Simón, por Lanzós, ou quen sabe se ó mellor o vento lévaas ata Mourence e de alí parecen vir.. Soan ledas en son de festa, ou de victoria, ou de cacería abondosa... Desde máis perto, polas Pedreiras, síntese rinchar de cabalos, camiñar de homes de armas con fortes armaduras, rodar de pesados carros...

E vós, amigo descoñecido, dime o sr. da Torre, que vides facer hoxe aquí...

E que hoxe, señor, comeza a festa do noso Patrón do ano de 1998. Celébranse uns xogos florais nos que os mellores poetas desta terra se enfrentan para ver quen mellor canta as cousas que merecen ser cantadas... E este ano, Señor, é unha muller de voz outa e clara, Marica Campo, quen resultou ser o mellor xoglar... e veño pregoar que xa é festa, cumprindo a orde do Sr. de Vilalba.

Agora sí que vos entendo. Eu tamén teño pregoeiros que van por todo o meu territorio proclamando as miñas disposicións. E tamén sei de xoglares que cantan as cousas fermosas. Pero que sexa unha muller chámame a atención. Serán cousas dos vosos tempos.

Cousas dos tempos, sí, Señor. Nos meus tempos, as mulleres aspiran a todo, están en todo, lógrano todo. E Marica é un magnífico exemplo...

Así que vos sodes o Pregoeiro das festas dese tempo tan lonxano...

Naturalmente, Señor, eu cumpro a orde do Sr. de Vilalba, que agora chamamos Alcalde, e que representa ó verdadeiro señor -a todo o pobo- e veño dicir, no nome do meu señor, pois eu son vilalbés vello, que compre celebrar con toda a ledicia ó Santo Ramón - e á Santa María-, hoxe coma sempre, porque a súa gloria sigue vixente, o seu papel é cada vez máis necesario, o seu exemplo cada vez máis preciso.

.....

E aquí racha a miña lembranza... Recollín tal como lembro a conversa -a posible conversa- pero non sei do remate... Sei que cando acordei, xa ben de noite, estaba escribindo freneticamente ó teclado do meu vello ordenador, para deixar constancia do posible encontro.

Se me poño a razoar sobre o tema, coido que non puido ser... Que a miña subida á torre foi -debeu ser- soño ou sono porque o gran torreón, hoxe Parador de turismo, está pechado por obras. Non puideron subir.

E sen embargo eu coido que subin ó cimo do Castelo... Coido que non foi un sono senón máis ben o cumprimento dun soño, e para comprobalo terei que acudir ó meu amigo Ramón Villares para que me diga se a historia puido ser así... Se así foi o Andrade Bo, Señor desta terra. Voume ter que encomendar ó seu saber, e do seu xuicio depende a conciencia do meu xuicio.

En confianza: Hai outro tema que veño de consultar e que me preocupa: non é posible que esta conversa se celebrase o 31 de agosto de 1398, porque Fernán Pérez de Andrade morreu en agosto de 1397... Non puideron falar con el. Foi, pois, sono. Pero se chego a esa conclusión reparo que pode máis unha data que a ilusión dun imposible, e de novo volto a dubidar de min mesmo.

Pero elo non quita ren da miña intención de entrar profundamente na Vilalba de aquí, para mellor información da Vilalba do meu corazón. Non quita ren da miña devoción por esta terra. Poido ter toleado e soñado, que as tolemias de amor son certas, fortísimas e xeitosas. Poido ter perdido a cordura ou tardar en recupera-lo acordo, pero ninguén dixo nunca que fose cordo o amor. E eu - eso, sí, seino- son un toliño namorado e entre os meus amores, un e ben forte, é por esta terra que me viu nacer e medrar.

Por eso, aquí, situado diante de vós, cumpo a orde do Sr. de Vilalba, que agora chamamos Alcalde, que representa ó verdadeiro señor -a tódolos vilalbeses- de pregoar estas festas e dicirvos: Vilalbeses e vilalbesas, novos e experimentados, viciños, amigos...¡que estamos



xa en festas! ; Que tedes que pasalo ben! ; que quedan absolutamente prohibidos, por orde da autoridade competente, alomenos por estes días, calquera liorta, discusión, enfado, xenreira, tristura... Que San Ramón, o santo falador namorado de Deus , e Santa María, Nai do Señor, deben ser honrados con ledicia. E esta Orde que transmito, abarca tamen a tódolos vilalbeses que andan - andamos - polo mundo adiante... Se poden, que veñan; se non poden que, alomenos, lle adiquen a esta festa un pensamento.

Pero para cumpri-la Orde, nunca ben mal pedi-la intervención do santo Ramón, e para eso lembremos aquela fórmula que aínda se estila en moitas aldeas cando, na festa do patrón poñen o Santo...

Pois así remato eu este pregón alucinado, que abre as festas de San Ramón e Santa María de 1998: "Que o San Ramón vos dea sanidade e quite a enfermidade (e engado eu: E vos dea unhas boas festas para saúde de alma e corpo), polo poder que Deus ten e Santa María, amen".

Boa tarde, veciños meus, e boas - ¡moi boas! - festas do San Ramón.